

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 16 DE XANEIRO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaseis de xaneiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 9 de xaneiro de 2013.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e apertura dun taller industrial de artes gráficas na rúa do Comercio, parcelas 156-157.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes: para legalización da modificación da posición da vivenda unifamiliar, na parcela situada no núcleo rural de Santalla - Ribeira número 22, Parroquia de Cuiña e para legalización de modificacións no proxecto de vivenda unifamiliar, coa licenza de obras número 1736/09, consistentes na modificación da rampla de baixada ó soto e modificación da ubicación do pozo e fosa séptica, e na non construción do alpendre, no núcleo rural de Santalla - Ribeira, Parroquia de Cuiña.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a modificación do acordo número 15/598 do 10 de outubro de 2012 adoptado pola Xunta de Goberno Local polo que se aprobaba a revisión de prezos para o período comprendido entre o 10 de xullo de 2012 e o 9 de xullo de 2013 do contrato asinado coa empresa encargada do servizo de prestación de actividades de ensinanza deportiva e servizos complementarios nas escolas deportivas municipais e consecuentemente adaptación ao novo tipo impositivo do iva que resulta de aplicación.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	25/01/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/2



Acórdase a revisión de prezos do contrato suscrito coa empresa adxudicataria do servizo de prestación integral das actividades de animación sociocultural para o período que abrangue o 12 de decembro de 2011 e o 11 de decembro de 2012 ambos os dous inclusive.

Así mesmo, acórdase a revisión de prezos do contrato suscrito coa empresa encargada da prestación do servizo de mantemento diario dos contidos do portal municipal para o período que vai do 26 de marzo de 2012 ata o 25 de marzo de 2013.

Acórdase a aceptación da subvención otorgada pola Comisión Europea, aprobación da execución, compromiso da cofinanciación municipal, e sinatura dos convenios marco e específico da acción do proxecto "Centro de información Europe Direct-Lugo", ao abeiro da convocatoria de propostas da Comisión Europea para a selección de estruturas de acollida para os centros de información da rede Europe Direct en 2013-2017.

Apróbase a solicitude ao Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, en relación co acordo da Xunta de Persoal do 4 de outubro de 2012, para que emita informe sobre as externalizacións de servizos e funcións que existan neste momento no Concello de Lugo.


Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a resolución das reclamacións presentadas por varios membros da Policía Local en materia salarial.
- Acórdase o recoñecemento de compatibilidade para actividade docente a unha empregada deste Concello.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Xuventude e Promoción da Lengua e Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:Y+uG76J35h50TEqAn1fx9g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	25/01/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	Y+uG76J35h50TEqAn1fx9g==	PÁGINA 2/2


Y+uG76J35h50TEqAn1fx9g==